Ingeniería Agrícola Rodríguez, s.l.

**Adiante Última Hora**

**06/11/2019 00:19** Investigan a dos personas por depositar productos tóxicos en Vimianzo Más info

**04/11/2019 11:00** V ciclo de teatro en Santa Comba Más info

# O IES Terra do Xallas participou no cuarto encontro do proxecto "SOS: Sustain Our Souls"



Costa da Morte | Publicada: 05/11/2019

Email | Facebook | Twitter | Google+ | Pinterest | WhatsApp | Menéame | Chuza! | Cabozo

**Tempo de lectura**: 3 minutos e 4 segundos.

O **IES Terra do Xallas** ven de participar en Cracovia, Polonia, no 4º encontro de intercambio escolar dentro do programa europeo Erasmus+, que o instituto de Santa Comba está a desenvolver co seu proxecto "SOS: Sustain Our Souls" xunto con outras delegacións de Alemaña, Italia, Romanía, Grecia e os anfitrións polacos.

O proxecto desenvolvido na escola XLII Liceum Ogolnokształcace de Cracovia centrouse na procura das nosas raíces comúns, historia, cultura e tradicións. O alumnado de Santa Comba tivo que presentar alí os traballos realizados previamente sobre as evidencias que hai da importancia que tivo a zona do Xallas dentro do proceso da romanización e un vídeo no que se analiza a progresiva evolución da tecnoloxía na nosa zona.

En Cracovia os participantes visitaron lugares de grande importancia para a nosa historia común, como o casco antigo da cidade, o barrio xudeu, o gueto, o campo de concentración e exterminio nazi Auschwitch-Birkenau, así como a zona industrial da fábrica de Schindler.

O encontro de Cracovia conseguiu que os estudantes seguisen un itinerario a traveso da historia e a cultura descubrindo restos do pasado e a evolución da industria e a tecnoloxía. O seguinte encontro terá lugar en Slobozia, Romanía, e nel o alumnado traballará para conseguir un maior contacto coa natureza, anoando a arte ca literatura e a creación de xogos para pasar máis tempo ó aire libre.

Finalmente, o proxecto chegará ao seu fin no mes de maio, en Felsberg (Alemaña), onde se tentará darlle continuidade a este gran proxecto educativo que consegue internacionalizar o IES Terra do Xallas.

***A delegación do IES Terra do Xallas en Cracovia: Patrica Pose, as profesoras Cristina Durán e Mar Fuentes, Mireia Pérez, a coordinadora do proxecto Anabel López, Iván García, Noemí González, Andrea Suárez e Uxía Tasende.***

Quizás te pueda interesar:

**Llévate 50€ con Endesa** — 50 maneras de ahorrar con tu tarifa de luz
**Movistar Car** — Con 10GB de WiFi 4G y sistema de localización
**¿Lo sabías?** — Porqué me pican siempre los mosquitos. (¡Y sólo a mi!)
**Descubre los 5 beneficios** — El secreto de beber un vaso de agua caliente por las mañanas
**Ortopédicos asombrados** — Expertos descubren un método casero para eliminar el dolor de espalda
**Un idioma en 14 días** — Expertos revelan un curioso método para aprender idiomas rápidamente

ENLACES PATROCINADOS POR ADDOOR

Se queres podes deixar un comentario sobre esta noticia no Facebook:

0 comentarios · Ordenar por Los más antiguos

Añade un comentario...

Plugin de comentarios de Facebook

## Pódeche interesar...

**Galicia en Común pide encher as urnas de votos rebeldes por un Goberno de esquerdas con Galicia no centro**
Galicia En Común- Unidas Podemos está chamando durante esta campaña á mobilización. O candidato Antón Gómez Reino...
Ler máis

**Isabel Remuiñán tendrá su imagen en la iglesia de Seavia**
Xosé Manuel Lema "¡En cuanto suba al tren, no va a pasar nada!" respondió Isabel Remuiñán a su padre en ...
Ler máis

**Ucha Velo:"A lexítima defensa tamén existe en política"**
Escucha la entrevista a partir del minuto 33 del audio La reacción del Partido Socialista a las declaraciones de...
Ler máis

Costa da Morte · Opinión

## Opinión

**Greta Thunberg, el Becerro de Oro al final de su idolatría**
José Manuel Palacín Y Rodríguez
Ayer la Sra. Ministra de Transición Ecológica, Dª Teresa Ribera, confirmaba que el Gobierno español iba a fletar un barco (nunca contaminante), pa...
Ler máis

**Medidas "urxentes", "sen deixar a ninguén atrás", e tal e tal**
Álvaro Rodríguez
A chamada Folga Mundial polo Clima realizouse o día 27 de setembro. Nas súas proclamas reclamaban medidas "urxentes" entre as que o máis in...
Ler máis

**Antipopulistas, populistas e loita de elites**
Álvaro Rodríguez
O concepto de populismo sempre foi usado como un adxectivo peyorativo, e excepcionalmente como un substantivo. A excepción esta en os Naródn...
Ler máis